


O afloramento costeiro

Nalgunhas zonas da Terra, Vento e Coriolis traballan xuntos para desprazar as augas superficiais cara mar aberto e que a auga do fondo poida chegar á superficie. Esta auga leva nutrientes cos que se alimentan os organismos. Estas zonas teñen moita biodiversidade e, fai moito tempo, as persoas descubrimos que nelas viven un montón de peixes. A costa de Galicia é unha destas zonas e por iso hai moita xente que traballa no mar.



Marisela Des Villanueva

Graduada en Ciencias Ambientais, mestrado en Oceanografía e doutora no programa DOMAR pola Universidade de Vigo. Está especializada en modelado numérico da hidrodinámica de zonas costeiras e estuarias. A súa liña principal de investigación é a análise dos posibles efectos do cambio climático na costa atlántica da Península Ibérica, como por exemplo os cambios no afloramento, na temperatura da auga ou na estratificación, e as repercusións destes impactos na flora e fauna.

Elga Fernandez Lamas

Son unha ilustradora e deseñadora ferrolá. Durante uns anos dediqueime ás artes escénicas, pero unha cousa foi levando a outra e hoxe dedícome ao que considero a profesión máis bonita do mundo. Son ilustradora!!, berro orgullosa e desta reivindicación xurde o meu estilo: potentes cores, conceptos que afianzan a protesta, dende o feminino, dende o industrial, dende a loita.